

1. FORMACIÓN E ORIENTACIÓN FILOLÓXICA

No coñecemento da biografía de Margot Sponer persisten moitas lagoas importantes. No que se refire aos seus primeiros anos de formación, case non se sabe máis que o que ela mesma apunta no breve currículo que acompaña ao texto da súa tese. Logo, en relación coa súa traxectoria docente na Universidade de Berlín, existe outro documento importante e esquemático: a súa *Personalakte* que se conserva no arquivo da Universidade Humboldt. En relación coa bibliografía sobre Margot Sponer, hai que destacar dous traballos importantes. En primeiro lugar, e sobre todo en relación coa primeira etapa da vida de Margot, podemos destacar a biografía, moi completa e detalladamente documentada escrita por Marie-Ann Maushart, da irmán maior de Margot, Hertha Sponer (1895-1968), unha investigadora en física de primeira fila da que volveremos falar. Esta biografía resulta útil, de maneira indirecta, para coñecer o primeiro ámbito familiar de Margot Sponer. Publicada primeiramente en alemán (Maushart 1997), foi traducida ao inglés na Universidade de Duke (USA) onde Hertha traballou (Maushart 2011). A coñecedora máis importante da traxectoria de Margot, é sen dúbida Annette Vogt, unha investigadora do Instituto Max Plank para a Historia da ciencia. Nun primeiro traballo sobre M. Sponer (Vogt 2001), aporta datos da súa vida académica en Alemaña e sobre todo no segundo traballo (Vogt 2007) descubre documentación nova en relación coa súa morte en 1945, desmentindo que fose asasinada, como outros pensaban, no campo de concentración de Neuengamme. Precisamente este segundo traballo foi traducido ao inglés e incorporado por Maushart ao seu libro que acabo de mencionar editado en Duke, do que forma o capítulo 4.8. (Vogt 2011). A esta versión inglesa referireime eu con frecuencia neste estudo.

Margot Sponer naceu en 1898 nunha cidade da rexión de Silesia que hoxe leva o nome de Nysa, pero que entón se chamaba Neisse. Tiña daquela uns 30.000 habitantes e pertencía ao Reino de Prusia (por certo, nada ten que ver co río Neisse que hoxe configura, co Oder, a fronteira alemá-polaca). Como se sabe, despois dos acordos dos Aliados en Postdam, en agosto do

1945 a rexión de Silesia xunto coa Pomerania oriental e outros territorios pasaron a formar parte de Polonia.

Filla de Robert Franz Sponer e de Elsbeth Heerde, Margot, despois de Hertha, Günter e Walter, era a cuarta filla dunha familia luterana; seguíalle Charlotte, a máis nova. A familia trasladase á cidade saxoa de Zittau polo ano 1907, cando Margot tiña uns nove anos. Robert Sponer tiña un negocio de papelería (Maushart 2011). Este dato parece confirmado pola correspondencia de Margot con Francesc de Borja Moll, o impresor da súa tese en Palma de Mallorca. Ela indica nunha das súas cartas (ARM, AM-19, aS, 10/1934) que seu pai ten unha “fábrica de papel”; noutra carta tamén a Moll e datada en Zittau, que se conserva no mesmo arquivo (21-04-1935), Robert Sponer, o pai de Margot, afirma ter posuído durante moitos anos unha imprenta (*druckerei*). Non se sabe gran cousa desta etapa da vida de Margot, máis aló do que ela mesma di no breve *Lebenslauf* inserido na súa tese (Sponer1935b: [250]) que traduzo¹:

Eu, Margot Sponer, nacín o 10 de febreiro de 1898 en Neisse (Alta Silesia), filla de Robert Sponer e da súa dona Elsbeth, de solteira Heerde. En 1919 pasei como alumna externa o exame de bacharelato no liceo de Quedlinburg. Inicialmente estudei Filoloxía Clásica e a continuación fixen estudos de Romanística e Xermanística nas universidades de Halle, Lepzig, Nápoles, Grenoble, Madrid e Berlín. En 1931 presentei o exame oral para Doutorado na Friedrich-Wilhems Universität con un maior de Romanística e un minor de Árabe, un ano máis tarde pasei o exame de estado para o ensino medio con francés e alemán como temas principais. Largos e frecuentes viaxes a Francia, Italia, España, Portugal e Arxelia completaron os meus estudos. O meu máis sincero agradecemento a todos os meus mestres e sobre todo aos meus profesores Eduard Sievers (†) e Ernst Gamillscheg.

Non sabemos con exactitude onde se graduou. É moi posible en todo caso que a orientación da súa tese comezase en Leipzig

1 En principio imos manter sempre o criterio de traducir os textos non galegos, excepto os redactados en castelán ou catalán.

co profesor Eduard Sievers, o famoso lingüista neogramático. Deducimos isto dado que, no propio texto da tese (1935), Margot agradece postumamente a Sievers o ter sido seu mestre e di ter estudiado tamén en Leipzig onde precisamente ensinaba este profesor ata 1932, ano que morreu². A licenciatura realizouna probablemente en Berlín, pois esta é a última universidade que ela menciona no seu currículo nunha orde case con toda seguridade cronolóxica. Ademais, na prensa galega de 1926, que a menciona moitas veces, como veremos, aparece case sempre como graduada pola Universidade de Berlín. Non logrei saber con exactitude a data da graduación, aínda que penso que seguramente foi antes de 1924: cando ela afirma ter comezado a traballar nos documentos “transcritos por mi en los años 1924 y siguientes, durante varias estancias en España” (Sponer 1935b: 1). Esta tarefa realizouse primeiro en Madrid no Archivo Histórico Nacional, segundo ela mesmo indica na introdución do seu traballo, e posteriormente en Galicia.

En 1924, Ernst Gamillscheg, o logo brillante director do *Romanisches Seminar* da *Friedrich-Wilhelms-Universität*, que fomentaría intensamente as relacións internacionais, e en particular cos personaxes galegos, non chegara aínda a Berlín. Agora ben, a filóloga non aparece en Madrid por casualidade. O contexto científico do que ela procede, e aquel ao que se acerca na España daquela época, o entorno do Centro de Estudios Históricos, constituían xa dous mundos próximos e con estreitas relacións. Estas esferas filolóxicas posuían, como resulta obvio, cada unha a súa historia nacional, á vez que se inserían en contextos sociais e culturais cunhas tradicións asimétricas herdadas do século XIX, e en conxunturas políticas complexas e incertas nos dous casos: a República de Weimar na Alemaña de entre guerras, onde Hitler se acababa de converter en 1921 en líder e xefe incontestado do partido nazi (NSDAP). A Ditadura de Primo de Rivera comezaría en España dous anos despois.

A Universidade española daquela época, que fora tradicionalmente –salvo excepcións– pouco activa cientificamente, e

2 Así consta por exemplo nos Calendarios universitarios alemáns daquela época (cf. Ascherson 1926: 318).

non moi dada á relación internacional, contrastaba, no primeiro cuarto do século XX, cunha institución universitaria alemá que era potentísima; quen visite hoxe o edificio da Universidade Humboldt en Berlín contemplará na primeira planta unha galería de fotografías de antigos membros na que están entre outros A. Einstein, G. Herzt, R. Koch, Max Plank, etc., todos eles Premios Nobel, incluíndo, por certo, James Frank, do que volveremos falar, co que estivo casada Hertha Sponer, a irmá maior de Margot. Pero esta potencia científica contraponíase na Alemaña de Weimar con enormes dificultades económicas e políticas á saída da guerra de 1914-1918. Alemaña buscaba certamente, en competencia con Francia, as relacións exteriores, e en particular a relación con España non moi complicada, dado o seu carácter neutral na guerra, e útil en cambio como vía para chegar ao mundo latinoamericano. Nos anos vinte nacen con esta finalidade respectivamente en Barcelona e Madrid o *Centro de Estudios Alemanes y de Intercambio* e o *Centro de Intercambio Intelectual Germano-Español*. O primeiro é inaugurado en 1923 e mantería contactos en xeral con institucións, entre as que se contaba, por exemplo, o *Institut d'Estudis Catalans*, que procuraban unha vía de comunicación coas universidades alemás. O segundo centro, a partir da súa inauguración oficial en 1925, levou a cabo desde Madrid unha moi notable actividade de intercambios científicos, despois dun proceso lento e non exento de suspicacias e dificultades, sobre todo ao comezo, por parte española que en casos desconfiaba do especial interese alemán naquela relación (cf. a descrición en de la Hera 2002: 36-57).

Isto foi posible porque en España producírase a principios do século XX un cambio paulatino pero moi notable ao ser fundada en 1907 a *Junta para Ampliación de Estudios* (JAE): unha institución para a que resultaba urxente o intercambio científico e que en certo modo suplía o marasmo universitario. Os centros alemáns dos que acabamos de falar encontran eco en España en gran medida gracias a JAE, xunto coa que se organiza un importante volume de intercambios: conferencias en Alemaña e España, actualización de información académica mutua sobre as posibilidades de estudar no outro país, sobre as condicións para a formación en laboratorios ou sobre o ensino e aprendizaxe

da lingua estranxeira. Ao mesmo tempo fomentábase a intercomunicación científica mediante bolsas, acceso a publicacións, facilidades en arquivos, bibliotecas e museos, etc. (cf. de la Hera 2002, ib. e Rebok 2010: 111 ss.). O importante foi que se desenvolveu unha dinámica de intercambios moi notable no mundo científico. Precisamente nesta dinámica tamén participaría anos máis tarde (1934) Hertha Spomer, a irmán maior de Margot cando foi invitada a impartir conferencias en Madrid polo físico español Blas Cabrera.

No campo da filoloxía española, a situación universitaria comeza a cambiar cando en 1899 Menéndez Pidal obtén a cátedra de “Filología comparada de las lenguas latina y española” (cf. Echenique Elizondo 1996: 36) e sobre todo cando en 1910 dentro da JAE se funda baixo a súa dirección o *Centro de Estudios Históricos* que manterá contacto coa ciencia lingüística europea. Inciden así nun principio os neogramáticos que inspiran, en certo modo cando menos, o seu *Manual de Gramática Histórica Española* (Echenique Elizondo 1996: 38) a principios de século; tamén chega un certo nacionalismo esencialista (López Sánchez 2010: 343) de orixe herderiana que, por certo, axudaba a conformar tamén cos seus matices os nacionalismos periféricos catalán, galego e vasco. En todo caso, o certo é que a filoloxía peninsular internacionalizouse e participou nas correntes, discusións e mesmo funcións políticas heterónomas da lingüística europea: neogramáticos, xeografía lingüística, dialectoloxía, realización de atlas lingüísticos, fonética experimental, historia diacrónica da lingua, palabras e cousas, interese polo folclore, etc. Precisamente, estes últimos aspectos dos estudos filolóxicos serán os que expliquen que Margot Spomer visite polos anos trinta a vila provenzal de Les Baux-de-Provence e alí contacte por casualidade coa familia francesa que forma unha parte importante da súa biografía.

Así como falamos antes de dous centros alemáns en Madrid e Barcelona, poderíamos falar tamén da internacionalización da lingüística catalá, en certo modo tamén cultivada fóra da Universidade, en relación, non sempre exenta de rozamentos, cos romanistas de Madrid, pero, como eles, con vinculación con Europa e en particular con Alemaña. Tampouco non é casualida-

de que Margot Sponer comezase os seus traballos sobre os documentos galegos na escola de Menéndez Pidal, tampouco o é que os imprimise en Mallorca e, cando menos en parte, os publicase en Barcelona, como máis adiante veremos.

Dentro pois deste contexto de relacións previas xa establecidas, e que continuarían sobre todo ate 1933, data da toma do poder polo partido nazi (NSDAP), Margot Sponer comeza a traballar moi probablemente en Madrid. Non coñecemos detalles da súa chegada a Madrid nin como concretamente entrou en contacto co Centro de Estudios Históricos. Temos, porén, algúns indicios. Ela mesma menciona na súa tese (1935b: 2) ter “seguido el método aplicado por Menéndez Pidal en los *Documentos lingüísticos del Reino de Castilla*”³ que el publicara en 1919; pero ademais, quen vexa as dúas obras comprobará como, mesmo formalmente, o texto de Pidal é seguido moi de cerca como modelo tipográfico. Isto tamén se explica polas relacións que mantiña o seu editor e impresor, F. de B. Moll, en Palma de Mallorca, co Centro de Estudios Históricos. Outro dato interesante é que, no texto citado (1935b: 3), Margot Sponer, para a lectura dalgúns pasaxes difíciles do seu estudo, agradece a axuda de Federico Ruiz Morcuende. Alumno de Menéndez Pidal na Universidade Central, Ruiz Morcuende aparece xa colaborando co Centro dende a súa fundación en 1910. Pertenceu por oposición ao Cuerpo de Archiveros, Bibliotecarios y Arqueólogos e estivo destinado na Biblioteca Nacional de Madrid (López Sánchez, 2006: 293). É considerado como integrante da xeración do 1914 xunto con Navarro Tomás, Américo Castro, García de Diego (Abad Nebot 2010: 111), etc. mencionados frecuentemente nas memorias da JAE. Curiosamente, Menéndez Pidal (1919: X), nos seus *Documentos lingüísticos de España*, tamén agradecía a Federico Ruiz Morcuende a corrección das primeiras probas da súa obra. O contacto pois de Sponer co Centro de Estudios Históricos, aínda non estando totalmente explícito, parece non obstante moi claro.

3 En realidade o texto de Pidal aparece como *Documentos Lingüísticos de España, I, Reino de Castilla*.

Outro dato biográfico certamente notable é o que imos evocar a continuación, pois se, por un lado, engade novas referencias, por outro, introduce novas incógnitas no que se refire ás relacións de Margot Sponer en España, que, xa naquel momento, debían ser en todo caso moitas e moi interesantes. Polo ano 1925 editábase en Salamanca unha revista denominada *El Estudiante*⁴. No seu número 9 de xullo de 1925, aparece un artigo de Margot Sponer titulado “Cursos para extranjeros en Italia” onde informa sobre cursos de verán que diversas universidades italianas ofrecen (Florenxia, Siena, Perugia e Venecia). O artigo é puramente informativo sen outra transcendencia. O que é significativo é o feito de que Sponer escriba nesta revista e o tipo de relación que, de todos modos, presupón. Deixamos ao lector que xulgue por si mesmo. O mesmo número onde escribe Sponer, ofrece tamén un fragmento de *Tirano Banderas* de Valle-Inclán, obra que irá aparecendo por entregas en números sucesivos. Unha primeira mirada superficial aos sumarios permítenos ler os nomes dunha larga lista de intelectuais da época no sentido que lle da Bourdieu á palabra. A revista *El Estudiante, revista de la juventud española* aparece en Salamanca o 1º de maio, data obviamente escollida, inserindo repetidas veces “este número ha sido pasado por la censura militar”. A pesar diso, neste primeiro número aparece unha caricatura de Unamuno acompañada dun texto que enxalza a súa figura. A obra de Unamuno sería comentada con frecuencia en números sucesivos. Isto é moi significativo se pensamos que Unamuno, en febreiro de 1924, fora destituído dos seus cargos de Vicerreitor na Universidade de Salamanca (anteriormente fora xa reitor, e como é coñecido, volvería selo despois) e Decano de Filosofía e Letras, suspendido de emprego e soldo de catedrático e desterrado a Fuerteventura⁵.

A revista, que reunía as posicións de socialistas e liberais contra a ditadura, que propugnaba unha reforma profunda da Universidade Española, apareceu semanalmente en Salamanca desde o 1º de maio ate o mes de xullo de 1925 en que sae o

4 O lector interesado pódela encontrar facilmente no seguinte enlace da Biblioteca Nacional de Madrid. <http://hemerotecadigital.bne.es/issue.vm?id=0005290274>

5 Indultado en xullo daquel mesmo ano exiliouse voluntariamente a Francia onde estivo até a caída da ditadura en 1930.

número 13 que anuncia a suspensión da publicación en agosto e a reaparición en setembro. De feito reaparecerá, empezando unha “segunda época”, o 6 de decembro de 1925 en Madrid onde se publicarían 14 números máis en 1926.

El Estudiante presenta o que hoxe chamariamos artigos de opinión (política, pedagogía, apoio a unha nova imaxe da muller...), seccións dedicadas a recensións de libros, América Latina, unha sección humorística (*Gaudeamus*), crítica de arte, crítica literaria, poesía inédita, incluso ás veces unha sección que enxalza o deporte non exenta dun certo vento futurista como corresponde a aquel momento, etc. Aparecerán entre outras as firmas de J. Moreno Villa, Francisco Vighi, Leopoldo Alas Argüelles⁶, García de Diego, Wenceslao Roces, Luís de Zulueta, Rodolfo Llopis, Américo Castro, Gregorio Marañón, J. M^a Quiroga Plá... Na “segunda época” madrileña, Valle-Inclán continuará publicando entregas de *Tirano Banderas*, no nº 2 aparecerán recensións de Alberti (*Marinero en Tierra*) por Quiroga Plá, de Gerardo Diego (*Versos Humanos*) por Esteban Salazar. Seguirán moitas das firmas da época salmantina e ademais encontraremos, entre outras, as de Alvaro de Albornoz, A. Ossorio Gallardo, Álvarez del Vayo, Luís de Tapia e Guillermo de Torre.

Nesta segunda época, cambiará un pouco o formato, aparecerá máis abundante publicidade, case sempre literaria pero variada⁷, aínda que de autores e obras dalgunha maneira próximos aos redactores, e aparecerá tamén unha longa lista de colaboradores, que non sempre escriben na revista, entre os que están Rafael Alberti, Manuel Azaña, Pío Baroja, Rafael Barradas, Julián Besteiro, Julio Camba, Corpus Barga, Eugenio D’Ors, García Lorca, Juan Ramón Jiménez, Antonio Machado, Menéndez Pidal, Eugenio Montes, J. Negrín, Ortega y Gasset, Pérez de Ayala, etcé-

6 Leopoldo Alas Argüelles era fillo de Leopoldo Alas “Clarín”, traballou na JAE, foi catedrático de Dereito Civil e Reitor da Universidade de Oviedo e Deputado nas Cortes Constituíntes da República. Condenado a morte en consello de guerra foi fusilado en 1937 en Oviedo.

7 Encontramos na revista, por exemplo, publicidade de obras de Azorín ou Pío Baroja na editorial Gago Raggio, de *El leninismo teórico y práctico* de Stalin (editorial Biblioteca Internacional), da serie histórica e folletinesca de Alfonso Danvila sobre as guerras de Sucesión, de obras de Ramiro de Maeztu ou Armando Donoso en Calpe Casa del Libro.

tera, moitos dos cales seguirían máis tarde camiños cando menos diverxentes. En calquera caso resulta increíble que esta revista apenas se mencione no mundo dos historiadores da literatura española. Increíble, pero explicable se temos en conta o esquecemento, que chega moito máis aló do imaxinable, provocado en España, e en Galicia tamén, polos longos anos da ditadura franquista.

Por outra parte, a publicación de *Tirano Banderas* na revista resulta bastante reveladora, sobre todo se temos en conta que Valle-Inclán, aínda non tendo sido membro do Partido Comunista, sempre manifestou moita simpatía pola Unión Soviética e pola Revolución de Outubro. Ademais, *Tirano Banderas* foi traducido ao ruso e as obras teatrais de Valle eran representadas moi frecuentemente no Moscú do anos 1930⁸. Todo isto non sitúa de seu á revista na órbita do PC, pero si netamente na esquerda. Sobre todo se temos en conta o seguinte: un autor moi destacado que escribe tanto na época salmantina como na época madrileña é Wenceslao Roces. Segundo a biografía de Benjamín Rivaya (2000, ver p. web) de quen tomamos estes datos, Roces que fora fillo dun cantineiro de Gijón, estudia Dereito en Oviedo, fai o doutorado en Madrid onde obtén Premio Extraordinario e unha beca da JAE para estudar en Alemaña. Estando en Berlín en 1922 firma a praza de Cátedra de Dereito Romano para Salamanca. Celebrase a oposición ao ano seguinte e obtén a praza aos 26 anos. Coincidente con Unamuno na crítica á Ditadura de Primo de Rivera, inicia con el una boa amizade. É Roces quen o acompaña a Madrid cando partía para o exilio. Mantivo con el una fluída correspondencia na que lle falará do proxecto de *El Estudiante*. B. Rivaya explica no seu traballo como Roces lle vai explicando a Unamuno os problemas da revista en Salamanca e o traslado a Madrid baixo a dirección de Rafael Giménez Siles. W. Roces perde tamén a súa cátedra na ditadura por apoiar a Unamuno, aínda que máis tarde seralle restituída. Ingresar no PC en 1930. Foi catedrático de universidade en Murcia, Madrid e Sevilla (posto que non puido ocupar en 1936). En 1936 foi nomeado subsecretario

8 O lector interesado neste tema pode consultar o traballo de Amparo de Juan Bolufer con documentación moi interesante (2011: 126-214), especialmente pp. 183 ss.

do Ministerio de Instrucción Pública y Bellas Artes do Goberno da República. Exiliado en México, sempre membro do Partido Comunista e defensor da legalidade Republicana, regresa a Asturias en 1977 onde foi elixido senador por unha coalición PC-PSOE. Morre en México en 1992. Foi un moi notable xurista, gran coñecedor do alemán e tamén un excelente tradutor, moi coñecido polas súas versións de *O Manifesto comunista* e *O capital*.

Os nomes de Margot Sponer e M^a Luisa Dorado⁹ son, salvo error meu, as dúas únicas mulleres que escriben na revista. Non logramos saber por que razón aparece Margot publicando un artigo nunha revista como *El Estudiante*. Coñecía de Berlín a Wenceslao Roces? É moi posible, pois ela relacionábase, como veremos, con moitos dos españoles que pasaban por Berlín, pero nada concreto temos que o confirme. Un nexo común entre a revista e Margot era o mundo intelectual do entorno da JAE e do Centro de Estudios Históricos. Podería ser tamén unha explicación. O feito é que este artigo apolítico sitúaa en todo caso nun campo intelectual e nunha liña maioritariamente progresista que, en certo modo, volve lóxicas as súas opcións durante o nazismo e explica os precedentes, mesmo se as referencias ideolóxicas son moi escasas na correspondencia que puidemos consultar. Hai que ter en conta que, polas circunstancias da historia política española e alemá, o tempo no que os intelectuais disfrutaron de plena autonomía en ambos casos á vez foi moi reducido: dende a fin da ditadura de Primo de Rivera no 1930 ate a chegada de Hitler no 1933. Eses anos foron, como veremos, tal vez os máis libres para os intelectuais que dalgunha maneira participaban dos dous campos culturais.

Margot Sponer fala de varias estancias en España despois do ano 1924. Non topamos máis rastro dela nin nos arquivos da UCM (entón Universidade Central, moi danados durante a guerra

9 Trátase de María Luisa Dorado Montero que escribe nos número 2 e 11 da primeira época dous artigos sobre os problemas da muller estudante en España e sobre a súa experiencia nunha universidade americana no segundo caso. M^a Luisa Dorado aparece como profesora dun curso de Latín na Residencia de Señoritas durante o curso 1930-1931 (JAE 1933: 344). Pero o que realmente a facía "famosa" era que fora a primeira muller en conseguir por oposición unha Cátedra de Instituto en 1923. O ABC do 6 de maio de 1923, p. 19 dá conta do acontecemento. Era profesora en Castellón.

civil), nin tampouco nos arquivos, descubertos hai poucos anos, da Residencia de Señoritas que dirixía María de Maeztu no ámbito tamén da JAE. Alí case con total seguridade, residiu a súa irmá Hertha e moi ben podería ter residido Margot. Volverémonos referir a isto. Só contamos con outro dato máis destes anos: en 1925 a Real Academia Española publica unha nova edición do *Diccionario de la Lengua española*. Margot Sponer prepara unha recensión na que valora a edición e mesmo emite críticas e anuncia una nova edición pola Academia dun diccionario manual de próxima publicación. Esta recensión aparecerá en español dous anos despois en *The Modern Language Journal* (Sponer 1927 b).

Todo parece indicar que, despois das varias estancias en Madrid, Sponer viaxa a Galicia unha soa vez no ano 1926 cunha dobre finalidade: por unha parte, completar os documentos dos que quería facer a transcripción paleográfica e estudo e, por outro lado, facer un “estado da cuestión” do galego moderno. Non sabemos exactamente a data da súa chegada a Galicia. Na carta que dirixe a RAG (Boletín 1926) agradecendo as atencións recibidas en Galicia, indica que estivo *sucesivamente* en Ourense, A Coruña, Santiago e Pontevedra. Podemos pois pensar que estivo en Ourense algúns días na primeira quincena de setembro antes de ir á Coruña, que é onde a sitúa a súa primeira mención na prensa galega o 17 de setembro no diario *El Orzán*. Isto, se nos atemos ao publicado na prensa. Porén, nunha postal dirixida a Risco (AFVR) o 30 de decembro de 1926 para felicitalle o aninovo, Margot escribe que “no pude aún dedicarme a la elaboración de mis notas recogidas *en el verano* en Galicia” (subliñado meu). Isto levaríanos a pensar que Margot Sponer está en Galicia cando menos unha parte do verán antes de que en setembro empecen as notas de prensa que dan conta da súa chegada.

A mesma nova do xornal *El Orzán* conta ademais o seu propósito de estudar a historia, desenvolvemento e estado actual do idioma e que o 26 do mesmo mes Margot sae para Lugo. Isto mesmo é confirmado polo xornal *El Eco de Santiago* do 5 outubro que publica unha noticia¹⁰ máis completa indican-

10 A noticia foi reproducida case literalmente por moitos xornais galegos: *El Correo Gallego* (7 outubro), *El Siglo Futuro* (19 de outubro), *Vida Gallega* (26 outubro), etc.

do que Margot prepara unha tese para o que visita os arquivos históricos, pero tamén que estudia “la fonética y dialecto gallegos”. Menciona que, con esta finalidade, recorreu a cabalo parte da provincia de Lugo ata o Cebreiro para facer estudos dialectolóxicos. O xornal tamén nos indica algo máis concreto: que veu a Galicia recomendada a Pérez Costanti, quen a acompañou na visita a cidade de Santiago. Como se sabe, Pablo Pérez Costanti era arquivista no Concello de Santiago. É posible que o autor da recomendación fose o propio Ruiz Morcuende, do que xa falamos, que tamén era arquivista. Pérez Costanti púxo a en contacto con Casto Sampedro para acceder facilmente aos documentos que ela necesitaba en Pontevedra. No arquivo do Museo de Pontevedra consérvase unha carta de Margot Sponer a Casto Sampedro datada o 3 de outubro de 1926 (Sampedro 58-59) onde, despois de manifestarlle que se dirixe a el de parte de Pérez Costanti, indícalle que está traballando no galego antigo e moderno. Mándalle coa carta unha lista de documentos, todos do arquivo de Santa Clara, que lle interesaría consultar e, con toda *politesse*, pídelle que llos teña preparados para cando ela vaia proximamente a Pontevedra, favor que Casto Sampedro parece que lle fai. Ela anuncia a súa visita para o 6 ou o 7 de Outubro de 1926, aínda que algunha prensa como *El Progreso* do día 12 (semanario de Pontevedra) anuncia que o encontro con Sampedro tivo lugar o 11.

Aquel ano de 1926 a chegada a Galicia de Margot Sponer debeu ter unha certa repercusión e foi seguramente coñecida por todo o grupo galeguista. A prensa (*El Pueblo Gallego* 1926: 2, 10-10) recolleu a proposta de novos membros para o Seminario de Estudos Galegos entre os que se encontraba Margot Sponer. Bouza-Brey (1954: 164) fala tamén da súa investigación.

Unha persoa que, naquel momento da Xeración *Nós*, non podía ignorar a presenza de Margot Sponer en Galicia era Vicente Risco co que con toda seguridade estivo en Ourense¹¹,

11 Ademais da súa visita a Ourense mencionada na carta que dirixe a RAG da que xa falei, sabemos que outro dos seus contactos en Galicia fora o arquivista municipal de Ourense, Adriano de la Seca González (1887-1935) a quen ela mesma cita en *Altgalizische Urkunden*, p. 1. En Ourense polo que puiden saber non se conservan datos desta visita.

segundo el mesmo indica nun artigo (1928: 154). El é probablemente o autor da nota que aparece en *Nós* (1926: 10) do 15 de Novembro na que se indica que Sponer marchou para Portugal, á vez que se fala do adiantado que está o seu traballo sobre o galego antigo e da súa intención de dedicar outro ao galego moderno, para o que se di que fará outra viaxe. Eu creo que non chegou a realizar ningunha outra viaxe; en todo caso, eu non o puiden constatar. O que si se pode advertir é que Margot Sponer levaba un ritmo de traballo moi intenso: é difícil imaxinar como en tan pouco tempo en Galicia puido facer tantas cousas.

No primeiro número de *Nós* (1927: 2-3) do ano seguinte sae o traballo xa bastante coñecido de Sponer titulado “Algunhas notas dos meus estudos de filoloxía galega” onde ela mesmo di que o artigo lle foi pedido por Risco para a revista *Nós*. A propia Margot preséntao como “notas soltas sobr’iste tema, por non ter rematado aínda o análise do tod’o material d’estudo que puiden recoller durante a miña estada en Galiza, e que ten coma fin primordial, esculcal-as diferencias rexionais do galego no tocante a fonética, morfoloxía e léxico”. Neste caso si que non sabemos nada deste material recollido por Sponer que probablemente se perdeu despois da súa morte en Berlín á fin da guerra pouco antes do afundimento definitivo do réxime nazi. Pero, sexa como for, seguramente estamos ante un dos primeiros intentos de estudo dialectal da lingua galega. O artigo que entrega a Risco non é porén dialectolóxico, senón máis ben sociolóxico para constatar a castelanización progresiva da lingua. Na postal que envía a Risco o 30 de decembro de 1926, Sponer preguntalle se recibiu o artigo que ela debeu enviar desde Berlín e rógalle que lle envíe algúns exemplares da revista se o artigo foi considerado “digno de ser publicado”.

A súa partida debeu ser a mediados de outubro, pois ela envía dende Lisboa, datada do 16 de outubro, unha postal a Casto Sampedro para saudalo e agradecerlle a súa axuda. (Consérvase tamén no arquivo de Pontevedra unha postal felicitándolle o novo ano de 1927 a Sampedro coa mesma data que a enviada a Risco). O 27 outubro envía á Real Academia Galega a carta que xa mencionamos agradecendo as atencións recibidas en Galicia e anunciando que se marcha de España (Boletín 1926).